



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO DO ALCALDE

ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral temporal dun auxiliar administrativo substituto durante a situación de baixa laboral por incapacidade temporal e/ou maternidade e, no seu caso, lactancia dunha das persoas que ven desempeñando actualmente ditas funcións.

CONSIDERACIÓNS:

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a dita provisión establécese que rematado o prazo de presentación de instancias dictarase resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos, resolución que tamén poderá publicarse na páxina web do concello sen carácter preceptivo, e que deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por cinco persoas, tanto titulares como suplentes que se encargará de levar a cabo o proceso selectivo e o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril.

Por todo isto, esta Alcaldía RESOLVE:

1. Aprobar a listaxe de admitidos e excluídos no proceso:

Listaxe de admitidos no proceso de selección para a contratación laboral dun auxiliar administrativo substituto durante a situación de baixa laboral por incapacidade temporal e/ou maternidade e, no seu caso, lactancia:

APELIDOS E NOME	DNI
RODRÍGUEZ CORRALES, MARIA JOSE	78788601P
VAAMONDE SÁNCHEZ, ANA MARÍA	78796118G

2. Establecer a composición do tribunal:

Presidenta: María Belén García Otero, funcionaria do Concello de Oza-Cesuras.

Secretario: José C. Sánchez Presedo, Secretario-interventor do Concello de Oza-Cesuras.

4 Vogais:

- María Teresa Saavedra Cruz, funcionaria do Concello de Oza-Cesuras
- Pablo Vidal Ferreiro, funcionario do Concello de Oza-Cesuras.
- María Arminda Seoane Barreiro, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.
- Beatriz Ermitas Seoane Pérez, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.

3. O tribunal seleccionador deberá constituirse o xoves 29 de xuño ás 9:30 horas na Casa do Concello ao obxecto de levar a cabo a valoración da experiencia laboral e dos méritos acreditados polas solicitantes.

4. Convocar ao aspirante admitido no proceso, para que compareza na Casa do Concello de Oza-Cesuras, sita en Lois, 33 – Oza ás 10:30 horas do 29 de xuño de 2017 para a celebración da proba oral que consistirá nunha entrevista persoal co tribunal, que versará sobre estudos realizados, experiencia profesional e coñecemento do posto a desenvolver, á que deberán acudir provistas do DNI

O ALCALDE,

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Dou fe,

O SECRETARIO,

Asdo.- José C. Sánchez Presedo